

# Guión para unha mediación



## 1. PRESENTACIÓN E REGRAS DO XOGO

- » Presentádesvos.
- » Explicades a mediación e as súas regras:
  - » Confidencialidade
  - » Trátase con respecto
  - » Respetar as quendas de palabra
- » Pedides a confirmación de que si queren participar na mediación.
- » Ofrecedes a primeira quenda de palabra á persoa máis anoxada.

## 2. CÓNTAME

- » Cada parte, por quendas, conta a súa versión do problema, sen agresividade, sen insultos. A outra parte escoita sen interromper. Se se incumpren estas normas, deberedes parar e lembrarllas.
- » É moi importante que se respecten as quendas, primeiro han de escoitarse.
- » Mentres un dos mediadores/as practica a escoita activa cunha das partes, o outro mediador/a vai tomando notas sobre as versións e as emocións e sentimentos que expresan.
- » Cando lle toca falar á outra parte, intercámbianse os papeis tamén entre os mediadores/as.
- » Esta fase de "Cóntame" termina cun resumo de cada unha das versións, feita polo mediador/a que foi tomando notas, resaltando os puntos comúns.
- » As partes confirman que foi así como ocorreu ou corríxen o resumo.
- » Algo máis? Como vos sentides?

## 3. ACLARAR O PROBLEMA

- » Preguntas abertas, para lograr que cada parte entenda á outra e se poña no seu lugar:
  - » Se fose ó revés, Como te sentirías?
  - » Cómo cres que se sente él/ela?
- » Fin desta fase: As partes foron capaces de poñerse no lugar do outro/a.

## 4. EXPRESAR NECESIDADES Y PROPOÑER SOLUCIÓN

- » Que necesidades para solucionar o problema?
- » A que vos podedes comprometer?
  - » Comportamentos concretos, que despois podamos comprobar que se cumpriron.
- » Redactar o acordo ao que chegaron

## 5. ASINAR O ACORDO

- » Lese o acordo.
- » Asínanos as partes e os mediadores/as.
- » Ponse unha data para comprobar que cumpriron o que pactaron.
- » Felicítaselles por conseguir atopar a solución ao seu problema.
- » Despedídesvos e establecedes unha reunión coa persoa coordinadora do equipo de mediación.